

NOVIDADE | VERÁN 2017

alvarellos

Sonetos do amor e do desamor, na nova e premiada obra de María Xosé Lamas

Alvarellos Editora publica, na súa colección Libros do Sarela, "Sonetos preposicionais", o poemario co que María Xosé Lamas logrou en 2016 o Segundo Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba.

SANTIAGO, VERÁN 2017- A poesía que todo o nomea: o amor, o desamor, a paisaxe, o tempo... Eixes sobre os que transcorre, fuxe, o noso vivir. Sentimentos recreados en trinta e cinco composicións poéticas,

construídas baixo a aparente sinxeleza, musical e perfecta, do soneto. "Soneto do desacougo", "Soneto dende un Boeing 747", "Soneto da eterna amizade", "Soneto da seca"... María Xosé Lamas mergúllase na utopía e poetiza a vida, o día a día e, tamén, os seus desvelos. Esta obra recibiu o Segundo Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba na súa edición nº 42

María Xosé Lamas (Vilalba, 1961). Diplomada en Profesorado de Primaria, Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación, Postgrao en Educación Musical e Primeiro Ciclo do Grao Medio de piano, é na actualidade profesora de Educación Musical. Dende 1979 desenvolveu unha intensa labor no ámbito do teatro afeccionado como directora de varias compañías, actriz, tradutora, adaptadora e autora de numerosas pezas teatrais inéditas, mais case todas representadas. O seu primeiro libro de poesía, *Catro palabras caladas*, foi editado no 2001 e reeditado ao ano seguinte. A este seguirán *Datando lembranzas* (2004), *Ao norte do camiño* (2004), *Con Fausto, por este río acima* (2010) e *Cantigas para aprender a soñar* (2015). Conta con diversos premios literarios, a parte dos acadados na súa etapa de estudante: Accésit, Primeiro e Segundo premios no Certame Literario do Concello de Vilalba nos anos 2002, 2003 e 2016, respectivamente, e Premio Arume de Poesía Infantil da Asociación Neira Vilas no 2013.

Contacto coa Editorial: prensa@alvarellos.info | 981 522 137

Contacto coa Autora: mariajoselamas@edu.xunta.es 616 51 97 31



FICHA TÉCNICA: 44 pp | 14 x 21 cms
ISBN 978-84-16460-23-6 | PVP: 9 €

